

ADMINISTRACIÓN LOCAL  
MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA  
Nº 01/SC/2026 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, Nº 01/CE/2026 DE CRÉDITO  
EXTRAORDINARIO E Nº 01/CF/2026 DE CAMBIO DE FINALIDADE

INT/2025/000200

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2026, e publicándose no B.O.P. número 104 de data 03 de xuño de 2026 o expedientes de modificación orzamentaria nas modalidades de Suplemento de crédito nº 01/SC/2026, Crédito extraordinario nº 01/CE/2026 financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente así como o expediente de cambio de finalidade nº 01/CF/2026 do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo concertadas nos exercicios 2024 e 2025 coa conseguinte modificación do Anexo de In investimentos.

Transcorrido o prazo de exposición ó público regulamentario, sen que se presentase ningunha reclamación, considérase definitivamente aprobado o expediente de referencia, sen prexuízo da súa entrada en vigor nos termos indicados no edicto de aprobación inicial, tal e como establece a base 10ª das Bases de Execución Orzamentaria do orzamento vixente (2024 prorrogado), , publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O Orzamento do exercicio tras as modificacións efectuadas, queda conforme o seguinte:

| DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULO DE GASTOS |                                 |                                              |             |            |            |                         |
|-----------------------------------------------|---------------------------------|----------------------------------------------|-------------|------------|------------|-------------------------|
| CAPT.                                         | DENOMINACIÓN                    | CONSIGNACIÓN<br>ORZAMENTARIA<br>A 25/06/2026 | BAIXAS      | SUPL.      | CTO. EXTR. | CRÉDITOS<br>DEFINITIVOS |
| 1                                             | GASTOS DE PERSOAL               | 15.725.532,85                                |             |            |            | 15.725.532,85           |
| 2                                             | GASTOS CORRENT.<br>BENS E SERV. | 16.793.817,66                                |             |            |            | 16.793.817,66           |
| 3                                             | GASTOS FINANCIEROS              | 136.455,01                                   |             |            |            | 136.455,01              |
| 4                                             | TRANSF. CORRENTES               | 3.500.674,67                                 |             |            |            | 3.500.674,67            |
| 5                                             | FONDO DE CONTINXENCIA           | 40.000,00                                    |             |            |            | 40.000,00               |
| 6                                             | INVERSIÓNS REAIS                | 20.058.778,95                                | -692.423,66 | 150.000,00 | 542.423,66 | 20.058.778,95           |
| 7                                             | TRANSF. DE CAPITAL              | 189.688,26                                   |             |            |            | 189.688,26              |
| 8                                             | ACTIVOS FINANCIEROS             | 150.000,00                                   |             |            |            | 150.000,00              |
| 9                                             | PASIVOS FINANCIEROS             | 751.433,16                                   |             |            |            | 751.433,16              |
|                                               | TOTAL                           | 57.346.380,56                                | -692.423,66 | 150.000,00 | 542.423,66 | 57.346.380,56           |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:19DJ54FFAPM9OOX5



Luns, 6 de xullo de 2026

Núm. 126

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O ALCALDE

Asdo: Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:19DJS4FFAPM9OOX5

